



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2017**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 6 de febreiro de 2017

HORA DE COMEZO: 20:00

HORA DE REMATE: 00:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbelo e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2017**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de aprobación, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 23 de xaneiro de 2017.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

2.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA ATENAS-AVDA. DE LUGO

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Dáse conta de informe emitido pola Policía Local en data 30.01.2017, referente a sinalización vertical e horizontal en rúa Atenas da Avenida de Lugo, que é como segue:

*"O departamento da Policía Local do Concello de Cangas por medio do presente informe fai constar:*

*Que ao remate das obras feitas no campo de fútbol propoñemos a sinalización vertical de prohibido estacionar en todo o fronte do campo de fútbol, así como, un corredor peonil desde a Avenida de Lugo ata o cruce da rúa Atenas.*

*Tamén facemos constar que está previsto o acondicionamento do estacionamento que se atopa diante do campo de fútbol. Achegamos informe fotográfico".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito da Policía Local.

### **3º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

Retírase da orde do día por non haber asuntos que tratar.

### **URBANISMO E PATRIMONIO**

#### **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2017, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS**

##### **4.A) ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE OBRAS**

**EXPEDIENTE Nº 26.226.-** A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, acéptaselle o desistimento á solicitude de licenza urbanística de obra formulada o 15.12.2016, para realización de canalización de 48,00 m., de RBTS, no lugar de Balea, 26-Darbo.

#### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

##### **OBRAS**

**EXPEDIENTE Nº 25.743.-** A M.T.T., para realización de obras de reforma interior e modificación puntual de cuberta de edificación sita en subida a Punta Couso, nº47-O Hío, de conformidade co proxecto de execución elaborado por Castroferro Arquitectos, visado en data 15.04.2016. O presuposto de execución material ascende a corenta e cinco mil trescentos catorce euros con vinte e

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

catro céntimos (45.314,24 €).

EXPEDIENTE Nº 26.051.- A I.M.C., para cerramento de parcela sita en Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.144.- A J.F.N., para cerramento de parcela sita en Vilanova de Abaixo-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 42/17.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS GRANXA DO CARRIZO, para cambio de substitución de elementos puntuais de cuberta e colocación de chemineas en edificación existente en Santa Pola, nº 17-Balea-Darbo. O presuposto de execución material ascende a dous mil seiscentos euros (2.600,00 €).

EXPEDIENTE Nº 85/17.- A A.R.P., para encintado de fachada de edificación sita en Darbo, nº17-San Pedro-A Rocha. O presuposto de execución material ascende a cento trinta e dous euros (132,00 €).

#### APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.917/16.- A D.T.C., para arquivo de licenza de apertura de local dedicado de comida para levar, sito en rúa San José, nº35-Local 6-Cangas.

#### FACENDA

##### **6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Vista a solicitude formulada por J.M.R.P., en representación de "IBERSILVA SA", adxudicatario do contrato de obras de "Recuperación e restauración de canle e muíños do Río Bouzós", pola que se solicita que se proceda á devolución do aval bancario constituído o 18 de xaneiro de 2005, por importe de cinco mil catrocentos seis euros con setenta e un céntimos (5.406,71 €), en concepto de garantía definitiva do contrato sinalado.

Visto que, o informe emitido pola arquitecta municipal da oficina de rehabilitación, no que se informaba favorablemente a devolución do aval correspondente.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade coa Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder á devolución da garantía definitiva do contrato de obras

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

de "Recuperación e restauración de canle e muíños do Río Bouzós", constituída mediante aval bancario da entidade BBVA en data 18 de xaneiro de 2015, polo importe de cinco mil catrocentos seis euros con setenta e un céntimos (5.406,71 €).

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado, "IBERSILVA SA", con indicación dos recursos pertinentes.

## **CONTRATACIÓN**

### **7º.- PROPOSTA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE CANGAS**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 01.02.2017, referente ao inicio de expediente de contratación do "SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE CANGAS", que di o seguinte:

*"Proposta da Alcaldía: proposta de inicio de expediente de contratación*

*Expediente nº: 180/2017 C-17/03.*

*Asunto: servizo integral de iluminación exterior.*

*Procedemento: aberto, varios criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada.*

*Visto o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior aprobado mediante Rd 1890/2008, de 14 de novembro, o cal considera conveniente e necesario abordar o problema da eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación mediante a regulación dos niveis máximos de iluminación dos espazos en función da actividade que se realice neles, da incidencia da iluminación cara a outros espazos e pola esixencia dun nivel mínimo de eficiencia enerxética para os puntos de luz.*

*Visto que para que o Concello de Cangas se adecúe á citada normativa, necesita levar a cabo actuacións de reforma e adecuación das instalacións de iluminación exterior, para o cal considera oportuno a contratación dunha empresa de servizos enerxéticos que permita acometer e acelerar a posta en marcha das solucións técnicas máis axeitadas.*

*Dadas as características do servizo e tendo en conta o resultado dos estudos previos, considérase axeitado que o contrato teña unha duración de 14 anos e un tipo de licitación de cincocentos trinta e catro mil cincocentos sesenta e nove euros (534.569,00 €) anuais, máis o IVE vixente en cada momento.*

*Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do "SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE CANGAS".*

*Segundo.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Terceiro.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Cuarto.- Que o interventor municipal faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*Quinto.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao inicio de expediente de contratación do "SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE CANGAS"

## **8º.- PROPOSTA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 01.02.2017, referente ao inicio de expediente de contratación do "SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS", que di o seguinte:

*"Proposta da Alcaldía: proposta de inicio de expediente de contratación.*

*Expediente nº: 181/2017 C-17/04.*

*Asunto: servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais.*

*Procedemento: aberto, varios criterios de adxudicación.*

*Visto o contrato de servizo de mantemento de ascensores asinado en data 12.06.2013, cuxa vixencia remata o vindeiro 11.06.2017, non sendo susceptible de prórroga.*

*Vista a necesidade de continuar co dito servizo e unificar o mantemento de todos os ascensores nunha soa empresa.*

*Dadas as características do servizo considérase axeitado que o contrato teña unha duración de 3 anos susceptible de 3 prórrogas de carácter anual e un tipo*

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

*de licitación de trece mil seiscientos euros (13.600,00 €) anuais (IVE incluído).*

*Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do "SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS".*

*Segundo.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Terceiro.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Cuarto.- Que o interventor municipal faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*Quinto.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao inicio de expediente de contratación do "SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS".

### **9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA S/SOLICITUDE DE LIÑA DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACIÓN DOS PLANS MUNICIPAIS DE RECOLLIDA E MANTEMENTO DE RESÍDUOS DOMICILIARIOS (PLAN COMPOST REVITALIZA)**

Dáse conta de Resolución da Presidencia de data 19.01.2017, referente a solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de liña do protocolo de actuación para asistencia técnica para a redacción dos plans municipais de recollida e mantemento de residuos domiciliarios (PLAN COMPOST REVITALIZA), que é como segue:

*"RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA*

*Visto o protocolo de actuación relativo ao Plan Compost Revitaliza da Deputación de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 18.10.2016, núm. 199 e á ampliación do prazo de adhesión*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*publicado no BOP de data do 16.12.2016.*

#### **RESOLVE**

*Primeiro.- Solicitar a LIÑA 1 do protocolo de actuación para asistencia técnica para redacción dos plans municipais de recollida e tratamento de residuos domiciliarios que respondan a criterios de Plan Compost Revitaliza por persoal técnico da Deputación de Pontevedra, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.*

*Segundo.- Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello de Cangas no Plan Compost Revitaliza, ao Alcalde D. Xosé Manuel Pazos Varela.*

*Terceiro.- Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Asistencia Intermunicipal do organismo provincial para os efectos oportunos”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada da Resolución da Presidencia transcrita anteriormente, referente a solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de liña do protocolo de actuación para asistencia técnica para a redacción dos plans municipais de recollida e mantemento de residuos domiciliarios (PLAN COMPOST REVITALIZA).

#### **10º.- DACIÓN DE CONTA DE NOTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN POR DENEGACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ**

Dáse conta de escrito de data 23.01.2017 (R.E. nº71 do 26.01.2017) da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade dependente da Consellería de Política Social, no que comunican ao Concello de Cangas a resolución de desestimación do recurso de reposición interposto pola denegación de subvención para prestación de servizos de atención temperá (Orde do 22.06.2016), polo motivo de incumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do escrito da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, no que comunican ao Concello de Cangas a resolución de desestimación do recurso de reposición interposto pola denegación de subvención para prestación de servizos de atención temperá.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

## **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

### **11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 51 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

Dáse conta de proposta do día 01.02.2017 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente á transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 51 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 51 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS*

#### *ANTECEDENTES*

*I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 02.01.2017 foi autorizada a transmisión do posto de peixe nº 51 da Praza de Abastos solicitada por escrito de rexistro de entrada do 28.12.2016 por I.L.C. e A.G.L., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa da Paz nº 18-baixo esquerda-36940-Cangas.*

*II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior ás interesadas, estas dentro do período previsto regulamentariamente para tal efecto comunican que a transmisión se fixo efectiva mediante escrito de data 30.01.2017 con rexistro de entrada nº 867.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón: '(...) Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir ao posto’.*

*SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto á duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.*

*TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

---

**Concello de Cangas**





Concello de Cangas

*PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 51 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular I.L.C. a favor de A.G.L.*

*SEGUNDO.- Declarar que A.G.L. ten adquirida a concesión do posto de peixe nº 51 da Praza de Abastos, sendo a súa titular a todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lle transmite.*

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente á transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 51 do Mercado Municipal de Abastos.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2017**

Vista a proposta da Alcaldía do día 01.02.2017, referente a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia, para a concesión de axuda para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo-2017, que é como segue:

*"SOLICITUDE Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A CONCECIÓN DE AXUDA PARA A CONTRACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2017*

*Publicada no DOG nº13 de data do 19.01.2017 a Resolución do 29 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

*Visto que por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo de data do 1 de xuño de 2001, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de maio, polo que se declara municipio turístico galego ao Concello de Cangas, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego e publícase no DOGA nº 116 de data do 15 de xuño 2001.*

*Visto o informe da concelleira da área das necesidades do departamento e cumprindo os requisitos, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de seis mil trescentos sesenta e un euros con vinte e oito céntimos (6.361,28 €) para a contratación de dous*

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

*técnicos en turismo para o período de dous meses (xullo e agosto), cunha xornada laboral do 75% para a Oficina de Turismo de Cangas.*

*Segundo.- Declarar o compromiso do Concello a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.*

*Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para esta solicitude que se formula para a Oficina de Turismo, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia, para a concesión de axuda para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo-2017.

## **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **13º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO-2017**

Dase conta de Resolución da Alcaldía do día 25.01.2017, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a dotación de novidades editoriais en galego-2017, que di o seguinte:

*"RESOLUCIÓN*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO-2017*

*Publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Orde do 19 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.*

*Contando o Concello coa titularidade da Biblioteca Pública Municipal Central de Cangas, cunha media semanal de apertura ao público de 68 horas e catro axencias de lectura, en Aldán, Darbo, Coiro e O Hío, cunha apertura de 20 horas semanais e reunindo os requisitos que na orde se especifican, RESOLVO:*

*Primeiro.- Solicitar dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino á biblioteca e ás axencias de lectura públicas de titularidade municipal.*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*Segundo.- Nomear como responsable da xestión da solicitude a M.I.R.M.*

*Terceiro.- Declarar que non solicitou ningunha outra axuda ou subvención a entidade pública ou privada para este mesmo fin.*

*Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas rendeu a Conta Xeral do Concello do exercicio 2015 perante o Consello de Contas de Galicia en data do 23.01.2017.*

*Quinto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a dotación de novidades editoriais en galego-2017.

#### **14º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS MUNICIPAIS-2017**

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 25.01.2017, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais-2017, que di o seguinte:

##### *“RESOLUCIÓN*

*SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS MUNICIPAIS-2017*

*Publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Orde do 22 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2017.*

*Contando o Concello coa titularidade da Biblioteca Pública Municipal Central de Cangas, cunha media semanal de apertura ao público de 68 horas e catro axencias de lectura en Aldán, Darbo, Coiro e O Hío, cunha apertura de 20 horas semanais e reunindo os requisitos que na orde se especifican, RESOLVO:*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*Primeiro.- Solicitar dotación para a mellora das coleccións bibliográficas con destino á biblioteca e ás axencias de lectura públicas de titularidade municipal.*

*Segundo.- Nomear como responsable da xestión da solicitude a M.I.R.M.*

*Terceiro.- Declarar que non solicitou ningunha outra axuda ou subvención a entidade pública ou privada para este mesmo fin.*

*Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas rendeu a Conta Xeral do Concello do exercicio 2015 perante o Consello de Contas de Galicia en data do 23.01.2017.*

*Quinto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais-2017.

## **PERSOAL**

### **15º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE ADHESIÓN AO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL EN CONCELLOS-2017**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 02.02.2016, referente a solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra, de adhesión ao Plan de práctica laboral en concellos-2017, que é como segue:

“PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL EN CONCELLOS-2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Visto o escrito da Deputación Provincial de Pontevedra do Plan de Práctica Laboral na Deputación e concellos da provincia-2017, no que se fai constar que ao Concello de Cangas, por número de habitantes lle corresponde un total de catro bolseiros/bolseiras e vistas as necesidades municipais, propoño á Xunta de Goberno Local:

*Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a adhesión ao Plan de Práctica Laboral en Concellos-2017.*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Segundo.- Solicitar os/as seguintes bolseiros/bolseiras:

<b>Perfil dos/das bolseiros/bolseiras</b>	<b>Actividades práctica a desenvolver</b>	<b>Departamento e horario</b>	<b>Titor/Titora</b>	<b>Sistema de titorías</b>
2017C063.- Diplomatura/Grao en Relacións Laborais/Relacións laborais e recursos humanos	Prácticas no departamento de Persoal do Concello, contratos, Seguridade, Social, confección de nóminas, partes de accidentes	Departamento de Persoal do Concello  Horario o estipulado nas bases da Deputación	Técnico en Recursos Humanos, Luís Martínez Domínguez	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información e detectando os problemas dando vía de solución diaria
2017C120.- Licenciatura/Grao en publicidade e relacións públicas	Prácticas na xestión da comunicación interna e externa do Concello	Gabinete de Alcaldía do Concello  Horario o estipulado nas bases da Deputación	Secretaria Xeral do Concello, Berta Alonso Soto.	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información e detectando os problemas dando vía de solución diaria
2017C057.- Diplomatura en Xestión e administración pública//Grao en dirección e Xestión Pública	Prácticas xurídicas e administrativas	Oficina de Apoio Xurídico e Administrativo do Concello  Horario o estipulado nas bases da Deputación	Técnico de Administración Xeral, Paula Piñeiro Portela.	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información e detectando os problemas dando vía de solución diaria
2017C71.- Enxeñería técnica agrícola/Grao enxeñería agrícola e agroalimentaria/grao en enxeñería agraria/enxeñería agrónoma	Prácticas na tramitación de expedientes e xestión de organismos nocivos	Departamento de Medio Ambiente do Concello  Horario o estipulado nas bases da Deputación	Xefa de Urbanismo do Concello, María Rodríguez Gómez	Atención personalizada e valoración permanente atendendo á formación e información e detectando os problemas dando vía de solución diaria

Terceiro.- Declarar manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia da bolsa, debendo informar de calquera variación das circunstancias e

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

ter dispoñibles os recursos humanos, materiais e técnicos suficientes para o correcto desenvolvemento das prácticas.

## **16º.- COMUNICACIÓNS DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA DE PERSOAL DO CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta do escrito presentado o día 31.01.2017 por M.F.A., no que comunica que como persoal municipal do Concello de Cangas, coa categoría de peón de limpeza viaria, dá por finalizada o día 24.02.2017 a súa vida laboral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda que polo departamento de Persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación regulamentaria de M.F.A. a partir do día 24.02.2017 no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 E FACTURA Nº54 DA EMPRESA CODEGA POLA OBRA "URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO"**

Vista a proposta da Alcaldía do día 06.02.2017, referente a aprobación da certificación nº1 e factura nº54 da empresa CODEGA, pola obra de "URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO", que é como segue:

*"En exercicio das atribucións que me confire o artigo 185.2 do Real decreto legislativo 2/2004, unha vez prestada a conformidade para os efectos de acreditar a efectiva entrega de bens ou prestación dos servizos que documentan, esta Alcaldía propón o recoñecemento das obrigas correspondentes á factura nº 54, certificación nº 1 da obra 'Urbanización Rúa Mestre Tenreiro', presentada pola empresa 'Construcción y Deslizados Galicia SLU', por importe de vinte e catro mil setecentos euros con vinte e cinco céntimos (24.700,25 €), con imputación á aplicación orzamentaria 1532-639, proxecto 201600905".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación da certificación nº1 e factura nº54 da empresa CODEGA, pola obra de "URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO".

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 E FACTURA Nº1701011.00 DA EMPRESA "NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU", POLA OBRA "ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS, MURO PLUVIAIS OURELO, REP.PONTE BOUZÓS"**

Vista a proposta da Alcaldía do día 06.02.2017, referente a aprobación da certificación nº1 e factura nº1701011.00 da empresa "NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU", pola obra de "ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS, MURO PLUVIAIS OURELO, REP. PONTE BOUZÓS", que é como segue:

*"En exercicio das atribucións que me confire o artigo 185.2 do Real decreto legislativo 2/2004, unha vez prestada a conformidade para os efectos de acreditar a efectiva entrega de bens ou prestación dos servizos que documentan, esta Alcaldía propón o recoñecemento das obrigas correspondentes á factura nº 1701011.00, Certificación nº 1 da obra 'ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS, MURO PLUVIAIS OURELO, REP.PONTE BOUZÓS', presentada pola empresa 'Nexia Infraestructuras SLU', por importe de nove mil catrocentos sesenta e catro euros con vinte e nove céntimos (9.464,29 €), con imputación á aplicación orzamentaria 1532-639, proxecto 201600902.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación da certificación nº1 e factura nº1701011.00 da empresa "NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU", pola obra de "ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS, MURO PLUVIAIS OURELO, REP.PONTE BOUZÓS".

**C) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E IGUALDADE S/APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE PARA A CREACIÓN DE LISTAS DE CONTRATACIÓN DE MONITOR/MONITORA E DIRECTOR/DIRECTORA DE TEMPO LIBRE**

Dase conta de proposta do día 03.02.2017 do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade, referente a aprobación de inicio de expediente para a creación de listas de contratación de monitor/monitora e director/directora de tempo libre, que é como segue:

*"PROPOSTA DE APROBACIÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE PARA A CREACIÓN DAS SEGUINTE  
LISTAS DE CONTRATACIÓN:*

*\* Monitor/Monitora de tempo libre*

*\* Director/Directora de tempo de libre*

*Para a realización do programa Enredos de Verán, que organiza este concello nos meses das vacacións escolares, ou outras actividades que se realizan ao*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*longo do ano, faise preciso contar con estas dúas listaxes de persoas para a súa contratación.*

*É por este motivo que desde a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade propoñemos á Xunta de Goberno Local a seguinte aprobación:*

- Inicio de expediente para a creación de unha lista de contratación de monitor/monitora de tempo libre.*
- Incio de expediente para a creación de unha lista de contratación de director/directora de tempo libre.*
- Comunicar este acordo aos departamentos de Secretaría, Apoio Xurídico, Persoal, Xuventude e Benestar Social, para que así coñezan este acordo e comecen con ambos expedientes”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade, referente a aprobación de inicio de expediente para a creación de listas de contratación de monitor/monitora e director/directora de tempo libre.

#### **D) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E IGUALDADE, DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL Á XUNTA DE GOBERNO MUNICIPAL S/APOIO Á MOBILIZACIÓN POLAS MARCHAS DA DIGNIDADE**

Dase conta de proposta do día 06.02.2017 do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade, referente a declaración institucional á Xunta de Goberno de apoio á mobilización polas “MARCHAS DA DIGNIDADE”, que é como segue:

*"PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL A XUNTA DE GOBERNO MUNICIPAL*

*As Marchas da Dignidade, somos un movemento social que en Galicia aglutina no seu seo a máis de sesenta organizacións e colectivos sindicais, culturais, sociais e políticos do País. As MMdD levamos máis de tres anos mobilizándonos na rúa para esixir o remate das políticas que agriden á maioría social golpeada pola chamada crise.*

*As MMdD diríxense ao grupo municipal para presentar esta declaración institucional coa intención da súa aprobación previa deliberación.*

*Exposición de motivos:*

*Esta corporación municipal é consciente da situación dramática que están a padecer as persoas maiores que dependen dunha pensión para poder vivir despois de toda unha vida de traballo. Dada a situación dramática de moitas*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

*familias, a pensión é o único sustento que teñen para poder sobrevivir cunhas mínimas condicións e estamos vendo como se poñen en perigo con medidas impostas desde organismos antidemocrático como o FMI e o Banco Mundial a través da Troika Europea. Nas Marchas da Dignidade pensamos que estas medidas teñen como obxectivo favorecer ás entidades que ofrecen plans de pensións privados e queremos recordar que as pensións non son privilexios, son dereitos irrenunciáveis.*

*Por este motivo e pola situación actual, convocamos unha manifestación o día 25 de febreiro na Coruña co tema central da defensa das pensións e coas nosas reivindicacións habituais resumidas en pan, traballo e teito.*

*Proposta de acordo:*

*Esta corporación municipal apoia a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo día 25 de febreiro na Coruña e fai un chamamento aos veciños e veciñas deste concello a participar nesta”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade, referente a declaración institucional á Xunta de Goberno de apoio á mobilización polas “MARCHAS DA DIGNIDADE”.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

Documento asinado electronicamente á marxe.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850